

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

EXTRACTO da Orde do 22 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do Programa comunitario Erasmus+, para o alumnado do Sistema universitario de Galicia que participa en Erasmus Estudos no curso 2020/21 (código de procedemento ED417A).

BDNS (Identif.): 543632.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

O alumnado das universidades do Sistema universitario de Galicia que participa en Erasmus Estudos durante o curso 2020/21.

Segundo. *Obxecto*

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do Programa comunitario Erasmus+.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Orzamento e contía das bolsas*

O importe global previsto na orde é de 891.000 €.

As axudas terán a seguinte contía, en función dos grupos de países determinados no Programa Erasmus+:

a) De 195 euros/mes para un país de destino do grupo 1.



b) De 165 euros/mes para un país de destino do grupo 2.

c) De 125 euros/mes para un país de destino do grupo 3.

No caso de existir remanente de crédito, unha vez distribuída pola comisión avaliadora a contía uniforme establecida no artigo 4.3 en función dos grupos de países determinados no Programa Erasmus+, adxudicarase entre as persoas solicitantes que posúan unha nota media igual ou superior a 7 puntos unha contía uniforme de 500 euros, comezando desde os expedientes con maior nota media.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2020

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

